

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE OUTUBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello Zas dos treitos das estradas AC-430 (p.q. 0+000 ao p.q. 0+170) e da AC-552 (p.q. 57+200 ao p.q. 58+440), xunto co seu dominio público viario.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mondariz duns treitos antigos das estradas PO-254 e PO-262, do treito inicial da estrada PO-261, dunhas sendas peonís da estrada PO-262 e da estrada PO-431 na súa totalidade, xunto coa súa franxa de dominio público viario, así como do dominio público viario, a excepción da calzada e das beiravías, do treito final da estrada PO-262.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do programa Horizon Europe, por importe de cento noventa e nove mil novecentos oitenta euros (199.980,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se aproba o Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes aos exercicios 2022 e 2023, por un importe total de oito millóns cincocentos sesenta mil euros (8.560.000,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a Resolución pola que se amplía o crédito da Resolución do 26 de xullo de 2021, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega), pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o Xeoportal de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe do balance de turistas nos meses de xullo e agosto.

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o Real decreto 668/2022, de 1 de agosto, polo que se modifica o Regulamento xeral de costas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a estratexia de xestión do cancro en Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a Orde do 10 de outubro de 2022 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe da vendima 2022 nas denominacións de orixe galegas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE ZAS DE DOUS TREITOS DAS ESTRADAS AC-430 E AC-552 AO PASO POLA PARROQUIA DE BAILO

- Transfírense o treito inicial de 180 metros de lonxitude da AC-430 e o treito de case 500 metros da AC-552, entre o quilómetro 58 e o 58+440
- Estes treitos teñen un tráfico de carácter local e urbano, sen funcionalidade dentro da rede de estradas da Xunta, que dispón da AG-55 e da VG-1.5 como alternativa viaria ao treito da AC-552 que atravesa o núcleo de Baio
- A entidade local terá competencia para actuar nestas estradas e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Zas de dous treitos nas estradas autonómicas AC-430 e AC-552, ao paso pola parroquia de Santa María de Baio.

O Concello de Zas solicitou ao departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade do treito inicial de 180 metros de lonxitude a AC-430, do punto quilométrico 0 ao 0+180, e o treito de case 500 metros de lonxitude da AC-552, entre o quilómetro 58 e o 58+440.

Trátase de dous tramos destas vías autonómicas que teñen un tráfico rodado de carácter local e urbano, sen funcionalidade dentro da rede de estradas da Xunta. Ademais, a AG-55 xunto coa VG-1.5 constitúen unha alternativa viaria ao treito da AC-552 que atravesa o núcleo de Baio.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia destes treitos das vías autonómicas.

A transferencia a prol do Concello de Zas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.


COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello de Zas terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósanse os treitos obxecto de transferencia autorizada hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE MONDARIZ DE DISTINTOS TREITOS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS E DE SENDAS PEONÍS AO PASO POLO MUNICIPIO

- Transfírense varios treitos antigos das estradas PO-254 e PO-262, o treito inicial da PO-261 e as sendas nas vías PO-262 e PO-431 na súa totalidade, xunto coa súa franxa de dominio público viario
- Tamén se inclúe a transferencia do dominio público viario, a excepción da calzada e das beiravías, do treito final da estrada PO-262
- O Concello asume a titularidade destes treitos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mondariz de distintos treitos de estradas autonómicas e de sendas peonís ao paso polo municipio.

Concretamente, transfírese a titularidade de varios treitos antigos das estradas PO-254 e PO-262, do treito inicial da estrada PO-261 e dunhas sendas peonís nas vías PO-262 e PO-431 na súa totalidade, xunto coa súa franxa de dominio público viario.

Neste acordo inclúese, ademais, a transferencia do dominio público viario, a excepción da calzada e das beiravías, do treito final da PO-262.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Mondariz terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Nas seguintes imaxes amósanse os treitos obxecto de transferencia autorizada hoxe:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS A REFORZAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DE CATRO FINALISTAS DA CONVOCATORIA DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)

- Os apoios establécense mediante un convenio entre a Axencia Galega de Innovación, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como as universidades de Santiago de Compostela e Vigo
- Grazas ao programa Oportunus xa se apoiaron 25 gañadores ERC, 17 finalistas e realizáronse 160 asesoramentos

O Consello da Xunta acordou destinar preto de 200.000 euros a reforzar a actividade investigadora de catro finalistas das convocatorias de axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC) que non recibiron financiamento. O obxectivo é incrementar as posibilidades de obter este recoñecemento en vindeiras convocatorias. De feito, desde a posta en marcha desta liña por parte da Xunta de Galicia en 2014, un de cada catro finalistas conseguiu acceder aos apoios ERC, do programa europeo I+D+i Horizon Europe.

Deste xeito, as axudas, enmarcadas no programa Oportunus, estableceranse mediante convenio entre a Axencia Galega de Innovación, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como as universidades galegas - neste caso, as de Santiago de Compostela e Vigo, con tres e un finalistas, respectivamente-.

O obxectivo do convenio é ofrecer ás universidades fondos destinados a apoiar a actividade do persoal investigador que chegou á fase final nunha das convocatorias do ERC e non obtivo financiamento. Deste xeito, contribúese a que poidan desenvolver actividades que melloren o seu proxecto de investigación, incrementando as súas posibilidades de obter a axuda do ERC. A vocación é situar a investigación realizada en Galicia na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixe fundamental de desenvolvemento económico e social.

O programa Oportunus busca reter e atraer investigadores e investigadoras excelentes para que desenvolvan a súa carreira en Galicia, formar persoal científico con potencial para conseguir as axudas europeas ERC e incorporar talento investigador.

O labor desenvolvido polos investigadores e investigadoras que traballen en Galicia grazas ao programa Oportunus convértese en fonte de coñecemento excelente para facer realidade os retos establecidos na Estratexia de especialización intelixente (RIS3)

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Galicia, achegando importantes retornos en termos de coñecemento excelente, competitividade científica e económica, prestixio internacional e mobilización do talento.

Desde a posta en marcha do programa, xa se apoiaron 25 gañadores ERC -fomentando a atracción da excelencia-; 17 finalistas, dos que catro conseguiron despois as axudas ERC, así como 165 asesoramentos e 18 obradoiros formativos coa participación de máis de 380 investigadores e investigadoras.

Con este programa, o Goberno galego pretende captar e reter talento e súmase a outras iniciativas como Principia, Talento Sénior, Ignicia ou as axudas aos investigadores para desenvolver a súa carreira predoutoral e posdoutoral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODERNIZARÁ O SEU SISTEMA DE ARQUIVOS CUN NOVO PLAN QUE APOSTA POLA DIXITALIZACIÓN, O REFORZO DE MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS E A DIVULGACIÓN

- A folla de ruta, aprobada no Consello da Xunta de hoxe, mellorará a xestión da información arquivada do Goberno autonómico, composta actualmente por máis de 164.000 metros lineais de documentación distribuídos en 1.026 locais
- Aplicarase nos centros xestionados pola Xunta: 12 arquivos centrais, que corresponden ás distintas consellerías, seis territoriais das delegacións, catro históricos provinciais e o Arquivo de Galicia
- Ten un horizonte ata 2026 e está estruturado en tres liñas estratéxicas e 40 accións
- Porase en marcha un plan de formación continua adaptada ás necesidades do persoal, avaliarase a necesidade de ampliación de espazos e apostarase por facilitar o acceso a estes materiais á cidadanía xeral

O Consello da Xunta aprobou o novo Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026, a folla de ruta que modernizará e optimizará a xestión deste servizo para o que se porá o foco na dixitalización documental, así como en facilitar o acceso aos documentos e á información que conteñen os centros arquivísticos xestionados pola Administración autonómica, un total de 23 con máis de 164.000 metros lineais de documentación.

O novo plan ten un horizonte ata 2026, está estruturado en tres liñas estratéxicas e 40 accións. Ademais de materiais en papel, integra tamén os documentos producidos a través da administración dixital e afronta a conservación do patrimonio en ambos os formatos ou soportes, papel e electrónico.

Á hora de redactar este plan tívose en conta o actual volume de produción documental da Xunta de Galicia, así como o control da súa xestión e as condicións de conservación e custodia. Detectouse que existen 164.346 metros lineais de documentación na Xunta, dos que 58.952 corresponden a servizos centrais e 105.394 aos servizos provinciais. Esta documentación custódíase en 1.026 locais destinados ao depósito documental.

Organización dos recursos

Tamén se analizou a actual dotación de recursos materiais e humanos e o tipo de servizos que se prestan. Tras a diagnose, fixéronse as tres liñas estratéxicas arredor de tres grandes retos. Así, por unha banda, o plan terá unha primeira liña en que se ordenarán os recursos coa intención de reforzar os medios materiais e persoais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Inclúense accións como deseñar un plan de formación continua adaptado ás necesidades do persoal, fomentar a especialización ou dotar de prazas de persoal de arquivos. No que se refire aos medios materiais, avaliarase a necesidade de ampliación de espazos, mellorarase medios como os equipamentos de reprografía e dos laboratorios de restauración dos arquivos e tamén se impulsará o mantemento.

A segunda liña estratéxica céntrase na xestión dos arquivos, con tres obxectivos principais: optimizar a organización, mellorar a xestión documental e simplificar, dixitalizar e automatizar procesos. Entre as accións inclúese a actualización do censo dos arquivos ou a planificación de actuacións de conservación preventiva e restauración. Finalmente, a terceira liña potenciará a difusión do material documental. Neste sentido, realizaranse iniciativas dirixidas a promocionar os servizos do Sistema de arquivos da Xunta de Galicia na cidadanía, para promover o coñecemento, o acceso e o uso do patrimonio documental de Galicia con fins educativos e didácticos, entre outros.

Plan participativo

Todas estas medidas se aplicarán nos centros xestionados pola Xunta, un total de 23, dos cales 12 son arquivos centrais, que corresponden ás distintas consellerías; seis son territoriais dependentes das delegacións, así como os catro arquivos históricos provinciais e o Arquivo de Galicia, situado na Cidade da Cultura.

No marco deste plan, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destina 4,3M€ anuais aos seis arquivos que xestiona, o que ascende a un investimento global de case 22M€.

Na redacción do plan participaron activamente os profesionais dos servizos arquivísticos da Xunta de Galicia. Analizouse e reflexionouse sobre o contido no marco de dous grupos de traballo, un deles creado de xeito específico para a elaboración do plan e outro no cal se debaten as propostas de avaliación documental. O borrador foi sometido ao Consello de Arquivos de Galicia e conta cos informes preceptivos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ A ASISTENCIA AOS CURSOS DE MÁIS DE 15.300 PERSOAS DESEMPREGADAS CON AXUDAS Á CONCILIACIÓN, TRANSPORTE, MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO

- Estas bolsas, cun orzamento de 8,5M€, facilitan a participación de persoas sen emprego nas accións formativas convocadas pola Xunta
- O Goberno galego activará axudas de asistencia para colectivos vulnerables como persoas con discapacidade, integrantes de familias numerosas ou monoparentais
- Como novidade, prevense apoios como en anteriores ocasións a vítimas da violencia de xénero con extensión, este ano, ás que padecen violencia vicaria ou dixital
- Máis de 14.000 persoas beneficiáronse destes apoios na convocatoria 2021-2022
- A Xunta ten en marcha a Estratexia Xempre Contigo que promove a empregabilidade e estabilidade mediante a mellora da cualificación das persoas traballadoras

O Consello da Xunta deu visto e praxe na súa xuntanza de hoxe a unha nova convocatoria de axudas directas para apoiar a participación de persoas desempregadas en cursos para o emprego en 2022 e 2023 cos gastos de desprazamento, manutención, aloxamento e conciliación en que poidan incurrir. O Goberno galego destinará a esta finalidade un orzamento de 8,5 millóns de euros, un 6,5 % máis que na edición precedente, coa expectativa de chegar a máis de 15.300 persoas beneficiarias.

Para facilitar a súa participación, a Xunta concederá bolsas de asistencia a colectivos prioritarios que presentan especiais dificultades para a súa inserción laboral. Así, outorgará achegas de 9 euros por día de clase ao alumnado con discapacidade de polo menos o 33 %; a integrantes de familias numerosas ou de carácter monoparental e ás persoas que participen nun itinerario personalizado de inserción. Estas bolsas ascenderán a 10 euros por día para as vítimas da violencia de xénero que tomen parte nas accións e, como novidade este ano, incluirán como beneficiarias as que padezan violencia vicaria ou dixital.

O Goberno galego quere apoiar tamén a asistencia de persoas que teñan ao seu coidado fillas ou fillos, menores de 12 anos en acollida e/ou familiares con dependencia, ás cales outorgará unha contía equivalente ao indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem) diario que estea vixente, para facilitar a súa conciliación.

Ao igual que en anteriores ocasións, concederanse achegas para o uso do transporte público urbano ou interurbano (1,5€/día), do vehículo propio (0,19€ por km/día); de manutención (12€/día) se a distancia do domicilio supera os 20 quilómetros, e para

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alojamento e manutención tanto para domicilios que disten 100 quilómetros ou máis ou nos cales se careza de servizo de transporte que permita o traslado a diario.

O obxectivo desta acción non é outro que o de facilitar a asistencia aos cursos do alumnado e, polo tanto, mellorar a súa cualificación para que aumenten as súas oportunidades laborais.

A presentación de solicitudes poderá realizarse entre o 1 de novembro deste ano e o 31 de outubro de 2023, e deberá formalizarse no prazo dun mes desde a incorporación ao curso en cuestión.

Na anterior convocatoria, 2021-2022, un total de 14.422 persoas resultaron beneficiarias destas bolsas en que a Xunta leva investidos desde 2015 máis de 62 millóns de euros.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a promover a estratexia Xempre Contigo co obxectivo de mellorar a empregabilidade e estabilidade laboral mediante a cualificación profesional de galegas e galegos, impulsando unha formación flexible e adaptada aos cambios do mercado, a través dunha orientación personalizada que dea resposta ás necesidades de man de obra que precisa.

Neste marco, a Xunta deseñou a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, artellada a través dun gran pacto social que sitúa as capacidades das persoas no centro da axenda pública, mobilizando recursos públicos e privados para crear unha contorna de aprendizaxe permanente. Neste contexto, celebráronse 9 mesas de traballo de sectores clave para Galicia, con representación do 60 % do emprego na comunidade, para adaptar a oferta de formación para o emprego ás necesidades da comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DUPLICA O ORZAMENTO PARA APOIAR A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E A IMPLANTACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA

- Destaca a aposta do Goberno galego por “promover unha mobilidade máis respectuosa co medio ambiente” e que contribúa “ao aforro da cidadanía ao reducir o consumo de combustible”
- Resalta que o programa Moves III disporá de 40,5 millóns de euros tras obter a ampliación solicitada no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration, para chegar ao maior número de beneficiarios posible
- Avanza que o Goberno galego aspira a “mobilizar 200 millóns de euros, promover aforros económicos de máis de 5 millóns de euros ao ano nos custos de combustible”, así como reducir o impacto de CO₂
- Lembrou que xa se concederon 2.594 axudas por un importe total de 11,6 millóns de euros e unha mobilización que supera os 77 millóns
- O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 31 de decembro de 2023

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello avaliou na reunión desta mañá a ampliación do Moves III, o programa de incentivos á mobilidade eléctrica, que contará cun total de 40,5 millóns de euros. Deste xeito, Galicia duplica o orzamento dirixido ás axudas para que cidadáns, autónomos ou pequenos empresarios merquen vehículos eléctricos ou instalen puntos de recarga.

Rueda, que enmarcou esta iniciativa na aposta do Goberno galego por impulsar a mobilidade sustentable, resaltou que o programa Moves ten o dobre obxectivo de, por unha banda “promover unha mobilidade máis respectuosos co medio ambiente” e, por outra, “contribuír ao aforro dos cidadáns ao reducir o consumo de combustible”.

Conta cun orzamento de 40,5 millóns de euros e, segundo debullou o mandatario galego, con este programa aspírase a mobilizar “200 millóns de euros e promover aforros económicos de máis de 5 millóns de euros ao ano nos custos de combustible”, así como acadar unha redución de CO₂.

Rueda salientou a boa acollida e o “éxito” da convocatoria de 2021 e por iso defendeu que a Xunta de Galicia solicitase a súa ampliación, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea a través dos fondos NextGeneration co obxectivo de atender todas as solicitudes e seguir apoiando o maior número de beneficiarios posible.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, o presidente informou de que, nestes momentos, “xa se concederon un total de 2.594 axudas por un importe superior aos 11,6 millóns de euros e unha mobilización de máis de 77,4 millóns”. En concreto, outorgáronse 2121 axudas para a adquisición de vehículos por 8,8 millóns de euros, e 473 para a instalación de puntos de recarga por 2,8 millóns.

As persoas interesadas poden seguir presentando as súas solicitudes, que se tramitarán a través das 531 entidades colaboradoras adheridas -167 concesionarios ou puntos de venda de vehículos e 364 instaladores eléctricos-. O prazo de presentación, segundo concretou o presidente da Xunta, estará aberto ata o 31 de decembro de 2023.

Rueda explicou que a primeira liña de axudas ten como obxectivo fomentar a adquisición de vehículos eléctricos, híbridos enchufables ou de pila de combustible e as achegas “oscilan entre os 700 como mínimo e os 9000 euros como máximo” por vehículo e en función do tipo de solicitante, características do vehículo ou uso, entre outras cuestións. O presidente aclarou que os particulares só poden dispoñer de apoios para a compra dun vehículo, mentres que o resto de beneficiarios –entre os que se encontran autónomos e pemes– poden solicitar ata 50 por ano –fronte os 30 de límite na anterior edición–.

O mandatario galego afondou tamén na segunda liña do Moves III. Así, indicou que se dirixe á implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos, con axudas de entre o 30 % e o 80 % do custo subvencionable en función do tipo de solicitante (autónomos, particulares, comunidades de propietarios, administracións ou empresas), potencia, ou localización en concellos de menos de 5000 habitantes. Deste xeito, salientou como “novidade, que a axuda máxima duplícase con respecto a anteriores convocatorias, onde era do 40 %”.

As axudas contribuirán a seguir avanzando na descarbonización do transporte, reducir os custos enerxéticos dos propietarios de vehículos e fomentar unha rede pública e privada de puntos de recarga.

As dúas convocatorias anteriores do programa Moves xa permitiron destinar preto de 5M€ para apoiar un total de 1000 proxectos de mobilidade eléctrica. A maiores, grazas ás axudas dos plans de transición a unha mobilidade eficiente promovidos pola Xunta de Galicia, apoiouse a adquisición de preto de 2500 vehículos de baixo consumo e baixas emisións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA O XEOPORTAL DE PROTECCIÓN CIVIL DE GALICIA CON INFORMACIÓN SOBRE RISCOS COLECTIVOS E PLANS DE PROTECCIÓN

- O Consello do Goberno galego deu conta hoxe dun informe sobre a nova ferramenta con que se quere facilitar o acceso a estes recursos por parte da cidadanía, dos servizos de emerxencia, dos concellos e das empresas suxeitas á normativa de autoprotección
- A través dun visor ofrécese información estruturada sobre medios, distintos tipos de risco e planificación municipal para a súa visualización, edición e descarga
- Trátase dun sistema integrado de protección civil e emerxencias adaptado aos cambios que se poidan producir nesta materia na comunidade

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre o Xeoportal de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, unha nova ferramenta para achegarlle á poboación a máxima información sobre os riscos colectivos e os plans de protección existentes. Trátase dun visor estruturado en distintas áreas -medios, riscos e planificación municipal-, que permitirá o acceso a todos os recursos en materia de protección civil para a súa visualización, edición e descarga. A previsión é que estea operativo antes de que remate o ano.

Esta nova ferramenta divulgativa representa un servizo de transparencia para a cidadanía, que poderá coñecer de xeito sinxelo os mapas de riscos de protección civil e os plans de protección con que debe contar cada concello. Pola súa banda, as persoas titulares das actividades suxeitas á normativa de autoprotección terán accesibles os datos de riscos externos aos cales puidesen estar sometidas, e os servizos de emerxencias disporán de máis coñecemento espacial dos riscos e dos instrumentos de planificación para facerlles fronte. A medida beneficia tamén os concellos, aos cales ofrece información de riscos dos plans autonómicos para a elaboración dos seus propios plans municipais.

Canto ás distintas áreas que abrangue, na de medios infórmase de todos os centros de emerxencias. Inclúese así a localización dos centros das forzas e corpos de seguridade do Estado, e da policía local e vixilantes municipais, así como dos parques de bombeiros, os grupos de emerxencia supramunicipal e os servizos municipais e agrupacións de voluntarios de protección civil.

Datos dos distintos tipos de risco

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, as capas de riscos recollen as análises dos riscos de protección civil e dos plans especiais autonómicos. Nelas distínguense os riscos tecnolóxicos, derivados dos establecementos que almacenan ou procesan substancias perigosas e para os que se representa a localización, as zonas de afección, os polígonos e a situación das sirenas. Cómpre sinalar que o visor proporciona toda a información que segundo a normativa ten que estar dispoñible para a cidadanía, como a actividade, substancias presentes, sistemas de aviso á poboación e medidas de autoprotección, entre outros aspectos.

Outro dos riscos incluídos é o relacionado co transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril. Respecto del pódense consultar as vías polas que transitan e a franxa de 200 metros a cada lado considerada de risco. Tamén pode visualizarse a categoría de risco para cada concello. Neste eido recóllense ademais os aeródromos da comunidade, as estacións de transporte público e as vías principais do transporte terrestre.

A ferramenta afonda tamén nos riscos naturais, con datos relativos a inundacións, incendios forestais e sismicidade. Deste xeito, inclúese información de risco de enchentes e de infraestruturas hidráulicas, as manchas de inundación para os escenarios de probabilidade de 10, 100 e 500 anos no caso de zonas inundables de orixe fluvial e de 100 e 500 anos para as de orixe mariña. Neste ámbito cómpre destacar as presas, con documentos dos plans de emerxencia a as medidas que debe adoptar a poboación en caso de emerxencia.

A información sobre incendios forestais permite visualizar os concellos con zonas de alto risco e o índice de perigo a nivel municipio, así como o índice de risco diario de incendio facilitado pola Consellería do Medio Rural. Canto ao risco sísmico recóllense as intensidades máximas esperadas para un período de retorno de 500 anos, tamén a escala concello. A maiores figuran todas as zonas de baño censadas, con datos sobre afluencia, perigosidade e categoría de cada unha.

Outra das áreas ofrece as obrigas en planificación de protección civil de cada un dos concellos de Galicia para os distintos riscos.

Sistema integrado de protección civil e emerxencias

A creación do Xeoportal de protección civil de Galicia responde á necesidade de dotar a comunidade dun sistema integrado de protección civil e emerxencias en que se defina con nitidez o papel de cada axente. Deste xeito, a Xunta actúa ante os cambios que se poidan producir nese eido por mor do desenvolvemento industrial e tecnolóxico, as distintas interaccións co medio ou a evolución da poboación e da ocupación do territorio. De feito, a vocación do visor é seguir medrando e incluír toda a información cartográfica do ámbito da protección civil en Galicia que se vaia desenvolvendo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA BATEU RÉCORDS HISTÓRICOS NESTE VERÁN TANTO EN CHEGADAS DE TURISTAS COMO DE PEREGRINOS CON CIFRAS NUNCA ACADADAS ATA O DE AGORA

- Con preto de 2,1 millóns de viaxeiros aloxados e máis de 4,7 millóns de noites no conxunto dos aloxamentos turísticos, Galicia superou os datos turísticos de 2019
- Destaca que o 81 % da demanda turística corresponde ao turismo de ámbito nacional, onde os galegos e galegas superaron os niveis de demanda dos últimos anos no ámbito hoteleiro, acadando a cifra máis elevada da serie histórica
- Estes datos permitiron que Galicia mellore en sete puntos o comportamento global do conxunto do Estado, situándose no grupo de comunidades coas taxas de crecemento máis elevadas
- O turismo internacional acumula ata agosto máis de 2,1 millóns de noites, triplicando o nivel do mesmo período do ano pasado e marcando tamén o nivel máximo da serie histórica
- As Rías Baixas eríxese como principal destino turístico de Galicia no verán, con preto de 1,3 millóns de noites no segmento hoteleiro
- Destaca o grande éxito do Camiño de Santiago, cun récord de compostelas entregadas neste verán que acada as 153.000

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance turístico da tempada de verán nun informe en que se constatou que Galicia bateu récords históricos tanto no que se refire a turistas como a peregrinos. A celebración do segundo Ano Xacobeo e a oferta dun turismo non masificado e en contacto coa natureza que ofrece Galicia foron determinantes no éxito de recuperación turística na nosa Comunidade.

Este verán Galicia rexistrou máis de 2,1 millóns de viaxeiros aloxados e máis de 4,7 millóns de noites no conxunto dos aloxamentos turísticos galegos, cifras que superan nun 14,5 % os datos do ano pasado e que superan nun 12,4 % a cifra de viaxeiros do ano 2019.

O 81 % da demanda turística corresponde ao turismo de ámbito nacional, segmento que inclúe tanto o turismo interno -o dos residentes en Galicia- como o receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-.

Destaca de todos eles o turismo interno -dos residentes en Galicia- que superan os niveis de demanda dos últimos anos, rexistrando 570.000 noites só no ámbito hoteleiro, -a cifra máis elevada da serie histórica. Marcan tamén dinámicas positivas os turistas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedentes de Madrid, Andalucía e Castela e León, con incrementos tanto en relación co ano pasado como en comparación con 2019.

O segmento internacional, que foi o 19 % do total, acumula ata agosto máis de 2,1 millóns de noites, triplicando o nivel do mesmo período do ano pasado e marcando tamén o nivel máximo da serie histórica. Estes datos son consecuencia do bo comportamento rexistrado na temporada media e alta, e sobre todo da achega realizada desde o lado dos albergues, onde o mercado internacional xera 443.000 pernoctacións no acumulado anual.

Todos os principais mercados internacionais superan os niveis de demanda do verán pasado -cando menos no ámbito hoteleiro- e tres conseguen situarse por encima das cifras de 2019. Son os EUA, cun 28 %; Portugal cun 10 %; e Francia, cun 2 %. Ademais, Portugal no ámbito hoteleiro representa neste verán o 25 % do total dos estranxeiros que se aloxaron en Galicia.

Recuperación en todas as tipoloxías establecementos

No eido da demanda turística, todas as tipoloxías superan os niveis de demanda do ano pasado. Neste senso, a maior parte da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, seguidos do segmento extrahoteleiro, que reúne os apartamentos turísticos, os cámpings, os establecementos de turismo rural e os albergues.

O 62 % da demanda turística corresponde aos establecementos hoteleiros e o 38 % restante sitúase no segmento extrahoteleiro. Os albergues superan nun 74 % as cifras de 2021.

Cabe destacar neste senso que, no conxunto do verán, a comunidade experimentou un incremento do 12,4 % respecto aos viaxeiros aloxados no ano 2019, xerando no acumulado ata agosto preto de 9 millóns de pernoctacións.

Estes datos permitiron que Galicia mellore en sete puntos o comportamento global do conxunto do Estado, situándose no grupo de comunidades con taxas de crecemento máis elevadas en relación cos niveis previos á pandemia.

Análise territorial

A nivel territorial, obsérvase no verán un comportamento positivo xeneralizado nos diferentes xeodestinos da comunidade. Todos superan as cifras do ano pasado, con intensidade variable, coa única excepción de dous destinos concretos localizados no interior de Galicia: A Ribeira Sacra e Manzaneda-Trevinca.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No verán destacan como principal destino turístico de Galicia, con preto de 1,3 millóns de noites no segmento hoteleiro, as Rías Baixas -sendo o subdestino Arousa Norte o de maior volume e peso con 720.000 noites-.

Terras de Santiago supera nun 24 % as cifras do pasado ano; a Costa da Morte e Ferrolterra acadaron aumentos superiores ao 20 %, e as zonas da Coruña-As Mariñas, subas de arredor dun 15 %.

A nivel urbano, Santiago e Pontevedra melloran as cifras do ano pasado, Vigo ten unha suba máis moderada e Ourense mantense nos niveis do verán.

O éxito do Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago dobrou os datos do ano pasado e supera nun 32 % o número de peregrinos do ano 2019, último máis elevado de toda a serie do verán, acadando as 153.000 compostelas.

O 70 % das compostelas corresponden ao segmento dos españois, que con preto de 107.000 marca tamén neste verán un máximo da serie histórica -supera nun 58 % a cifra previa á pandemia-. O 30 % restante, con máis de 46.000 compostelas, corresponde ao mercado internacional, cifra que supera en máis do dobre o dato do ano pasado.

Andalucía e Madrid son as principais comunidades autónomas de orixe dos peregrinos españois, absorbendo ambas o 45 % do total nacional, seguidas de Valencia, Cataluña e Castela A Mancha. Todos os segmentos de mercado superan non só as cifras do ano pasado senón tamén as de 2019.

Todas as rutas de Santiago melloran non só as cifras do ano pasado senón tamén os niveis previos á pandemia, con maior intensidade nos camiños de Inverno, Inglés, Portugués da costa e Primitivo, e o camiño Francés mantén a hexemonía no ámbito da peregrinación a Compostela, co 49 % das compostelas entregadas.

O mercado internacional consolida neste verán a recuperación que iniciara a principios de ano. A nivel internacional destaca Italia como o principal país de orixe dos peregrinos estranxeiros, por diante dos EUA, Portugal e Alemaña. En termos relativos, destaca o incremento rexistrado polo mercado americano -o volume de peregrinos procedentes dos EUA supera nun 33 % o nivel de 2019-, así como por Portugal -que supera tamén a cifra previa á pandemia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA RECORRERÁ ANTE O TRIBUNAL SUPREMO A REFORMA DO REGULAMENTO DE COSTAS QUE LIMITA DEREITOS E REDUCE AS COMPETENCIAS AUTONÓMICAS NO LITORAL

- Destaca que a Administración galega dá un paso máis na súa estratexia por defender os intereses de Galicia fronte a unha lexislación estatal cada vez “máis restrictiva” que busca “erradicar toda actividade humana e económica do litoral”
- Anuncia un recurso contencioso-administrativo contra a modificación aprobada o pasado 1 de agosto co argumento de que o Goberno central limita, condiciona e mesmo vulnera dereitos recoñecidos pola lexislación de costas a través dunha norma de rango inferior, polo que solicita “a súa nulidade plena”
- Lembra que Galicia conta con “4.000 edificacións públicas ou privadas” en zona de dominio público marítimo-terrestre e que xa se está a notar unha paralización “nas inversións”
- A reforma afecta sobre todo as concesións de vivendas e empresas en dominio público anteriores a 1988, ás cales se lles nega na práctica a prórroga extraordinaria
- Con este recurso, avalado tamén polo Observatorio Galego do Litoral, quérese poñer freo ao último dos cambios normativos impulsados desde 2018 polo Estado co fin de impoñer unha interpretación cada vez máis restrictiva da normativa sectorial vixente
- A decisión enmárcase na estratexia liderada pola Xunta nos últimos anos en defensa dos intereses de Galicia e das súas competencias exclusivas sobre a costa

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai recorrer ante o Tribunal Supremo a recente reforma do Regulamento xeral de costas, impulsada de forma unilateral polo Goberno central, en defensa dos intereses de Galicia, xa que, na práctica, esta modificación limita os dereitos recoñecidos legalmente a particulares, empresas e outros titulares de concesións no dominio público marítimo-terrestre (DPMT), así como as propias competencias autonómicas sobre o litoral. “A Xunta vai solicitar a nulidade desta reforma”, indicou Rueda xa que non é posible limitar dereitos xa recoñecidos na lexislación de costas existente a través dunha norma de rango menor a unha lei como é o caso do decreto aprobado polo Executivo.

Rueda resaltou que a Xunta leva tempo advertindo da “deriva” do Goberno central con regulacións “cada vez máis restrictivas” en materia de costas que buscan “erradicar toda actividade humana e económica da franxa do litoral”. Neste sentido, o presidente da Xunta lamentou que non se teña en conta a realidade de cada territorio nin as consecuencias destas limitacións. Só en Galicia, segundo explicou, hai 4.000 edificacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

públicas ou privadas no dominio público marítimo-terrestre e “xa se están paralizano algunhas inversións” por mor da regulación que está levando a cabo o Executivo central.

O Consello aprobou esta mañá o acordo polo que autoriza á Asesoría Xurídica Xeral para interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra o real decreto aprobado para tal fin o pasado 1 de agosto. En concreto, a Xunta solicitará a súa nulidade argumentando que cos cambios introducidos no regulamento se limitan, condicionan e mesmo eliminan dereitos previamente declarados pola lexislación en materia de costas ao baleiralos de contido, algo que non se pode facer a través dunha norma de rango inferior.

Así se recolle na Lei 39/2015 do procedemento administrativo, que, tal e como se aduce no recurso da Xunta, prevé que as disposicións que “vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior” serán “nulas de pleno dereito”.

Neste sentido, o Real decreto polo que se modifica o Regulamento de costas inclúe unha regulación que impón limitacións, establece novos condicionantes e mesmo chega a baleirar de contido dereitos recoñecidos aos titulares de concesións en DPMT, ao limitar a duración destas e os usos que poden amparar, xerando máis inseguridade xurídica.

En concreto, un dos cambios máis importantes é que se elimina a posibilidade de que as concesións de vivendas e de empresas da cadea mar-industria outorgadas con anterioridade a 1988 poidan ter unha prórroga extraordinaria, un dereito regulado pola Lei de costas de 2013.

Así, no caso das vivendas particulares, a reforma do regulamento pecha a porta á permanencia deste tipo de edificacións na franxa costeira porque poderían localizarse fóra dela. Así mesmo, no referido ás empresas en DPMT con concesións outorgadas antes de 1988, desaparece *de facto* o seu dereito á prórroga, xa que o regulamento limita a permanencia deste tipo de actividades na costa a unha duración máxima de 30 anos, un tempo xa transcorrido.

De feito, incluso os concesionarios que solicitaran prorrogar o seu título antes da aprobación da reforma pero non recibiran resposta expresa do Goberno central verán denegada a súa petición, o que xera unha retroactividade claramente desfavorable e supón que o Goberno vaia un paso máis alá que coa Lei de cambio climático de 2021.

No resto dos casos, a modificación do regulamento vincula a posible prórroga a unha serie de condicións e exixencias fixadas na Lei de costas pero ás que ata o momento a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

maioría destas concesións non tiñan que someterse. Isto supón un novo obstáculo que fará máis difícil, senón imposible, conseguir prolongar a duración das concesións.

Así mesmo, outro dos cambios afecta a regulación da modificación dos límites do DPMT, introducindo a través do regulamento criterios arbitrarios e sen xustificación técnica algunha para realizar deslindes, podéndose ampliar a extensión desta franxa de titularidade estatal en detrimento da propiedade privada e das competencias autonómicas sobre a ordenación do litoral.

Nova Lolga

A decisión da Xunta de recorrer contra a reforma do Regulamento de costas, que foi avalada xa o verán pasado polo Observatorio Galego do Litoral, pretende poñer freo ao último dos cambios normativos impulsados polo Executivo central desde o ano 2018.

De feito, coa reforma do Regulamento de costas o Estado pecha o círculo na súa estratexia para impoñer unha interpretación cada vez máis restritiva da normativa de costas e propiciar a eliminación progresiva de toda actividade humana e económica da franxa litoral.

Así, cómpre lembrar os cambios introducidos na duración das concesións no litoral a través da Lei de cambio climático estatal, aprobada o ano pasado e que limita estes títulos a un máximo de 75 anos, incluídas tamén as posibles e lexítimas prórrogas. Así mesmo, o xuño pasado o Ministerio someteu a información pública o chamado Plan da costa libre, un documento estratéxico con que aspira a liberar o DPMT a través da retirada paulatina e controlada da presenza humana na costa de aquí ao ano 2045.

Neste sentido, o recurso contra a reforma do regulamento enmárcase na estratexia liderada pola Xunta en defensa dos intereses de Galicia e das súas competencias exclusivas na costa. "Non ten sentido ningún sentido esta normativa. Pódense facer as cousas moito mellor", sinalou Rueda.

Co fin de buscar o autogoberno pleno e a ordenación da franxa costeira asumindo o papel de xestión que lle corresponde, o Goberno galego anunciou en setembro o impulso da que será a primeira Lei de ordenación do litoral.

O obxectivo é dotarse dunha norma adaptada á realidade galega para tratar de resolver os problemas e a inseguridade xurídica xerados polas últimas decisións do Estado, cunha interpretación restritiva da xestión da franxa litoral e das políticas públicas autonómicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso e tendo en conta que a Xunta estima que hai preto de 4.000 edificacións públicas e privadas localizadas no DPMT galego, abriu unha rolda de contactos cos concellos costeiros e os principais axentes e sectores afectados para animalos a implicarse na redacción da futura Lolga, da que precisamente este luns se pechou a fase de consulta pública previa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESEÑA UNHA ESTRATEXIA CON 65 INTERVENCIÓNS PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN DOS PACIENTES CON CANCRO

- O Consello da Xunta vén de coñecer o informe sobre a Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028
- Un dos pilares desta estratexia é a prevención do cancro, a promoción da saúde e a detección precoz dos procesos oncolóxicos a través da realización de cribados poboacionais
- No ámbito asistencial, incorpora innovación clínica, tecnolóxica, organizativa e de xestión, como rutas asistenciais adaptadas aos distintos tipos de cancro e novas terapias.

O Consello da Xunta abordou na súa reunión de hoxe a Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028, que ten como obxectivo que nun horizonte de seis anos se reduza o número de enfermos de cancro na nosa comunidade e se incremente o número de sobreviventes a esta enfermidade. O informe que a reunión do Consello coñeceu formula 65 intervencións para acadar estes resultados, que pretenden actuar na prevención e detección precoz dos cancros, fortalecer os sistemas de vixilancia e rexistro destes, mellorar a información que reciben os pacientes, acelerar a fase de diagnóstico, aumentar a súa capacidade de decisión e favorecer a equidade no acceso ás técnicas e tratamentos especializados e innovadores.

No ámbito asistencial, a nova estratexia incorpora innovación clínico-asistencial, tecnolóxica, organizativa e de xestión, destacando rutas asistenciais axustadas aos diferentes tipos de cancro, á innovación con medicina de precisión, personalizada e novas terapias, así como o fornecemento de estruturas de coordinación. En todo, a atención primaria xogará un importante papel.

Na Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028, a saúde pública terá tamén un papel determinante, pois desenvolverá todo o seu potencial preventivo do cancro mediante a promoción da saúde, o control dos factores de risco e a detección precoz, con cribados poboacionais e coa mellora da capacidade de vixilancia, monitorización, rexistro e avaliación co desenvolvemento do Observatorio de Saúde Pública de Galicia, a actualización do Rexistro Galego de Tumores e a incorporación da dixitalización dos procesos, a innovación e a potencialidade das novas tecnoloxías como ferramentas clave.

O obxectivo é mellorar os resultados na saúde dos galegos en tres niveis:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nivel poboacional: reducindo o número de galegos que desenvolverán ou falecerán a causa do cancro, intervindo na educación en saúde, controlando os factores de risco ou con accións na industria alimentaria, pero tamén facilitando o acceso aos programas de cribado e ás vacinas que axuden a prever o cancro.

A nivel individual: que cada persoa que desenvolveu cancro e a súa contorna acade maior sobrevivencia e calidade de vida con diagnósticos máis temperáns, cunha atención final de calidade ou co acceso as técnicas e tratamentos especializados e innovadores.

A nivel do rendemento da produtividade do Sistema Galego de Saúde: garantindo que todas as áreas contén con plans locais de mellora no cancro; identificando redes clínicas entre centros, con ferramentas de segmentación de pacientes e novas tecnoloxías de diagnóstico e novos tratamentos personalizados con máis precisión. Tamén, aumentando a capacidade investigadora e os sistemas de información interoperables de rexistros, e con novas vías e traxectorias asistenciais axustadas aos diferentes perfís dos doentes.

Implantación en varias fases

A estratexia especifica unha primeira fase de implantación en 2022-2024 para ir camiñando cara aos resultados esperados para a poboación. A segunda e terceira fase concretaranse cos grupos de traballo de profesionais expertos que se organizan como comités de implantación da estratexia. O horizonte temporal para acadar os resultados e intervencións é o ano 2028.

Esta nova estratexia complementábase ademais con outras accións, como a implantación do Decreto de garantías en tempos máximos no ano 2018, a implantación progresiva nos últimos anos de vías rápidas do cancro no Servizo Galego de Saúde, e a ampliación dos programas de cribado poboacionais para a detección precoz dos cancros máis prevalentes e o Plan obesidade zero en Galicia. Tamén, para completar a estratexia, se analizou a actividade no ámbito oncohematolóxico entre os anos 2016 e 2020.

Datos de vías rápidas e sistema de garantía de tempos máximos

Galicia conta con vías rápidas para garantir o acceso inmediato do paciente ao facultativo en caso de sospeita de patoloxía oncolóxica. Concretamente, estas vías rápidas do cancro incrementaron a súa actividade nun 32,6 por cento entre 2016 e 2019, atendendo a preto de 65.000 pacientes neste período.

Co inicio da pandemia, en 2020 a actividade diminuíu nun 7 por cento -atendéronse 16.425 pacientes- e recuperouse en 2021 -con 19.479 pacientes. Os datos do primeiro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

semestre de 2022 -cando se atenderon a 10.936 doentes- corroboran a tendencia positiva. En total, entre 2019 e 2022 foron atendidos máis de 111.000 pacientes en vía rápida de cancro. A patoloxía que máis se trata é o cancro de mama, seguido do de colon, pulmón e próstata.

Cómpre sinalar tamén que a Xunta sempre cumpriu o compromiso de facilitar a atención en menos de 15 días. Na actualidade, o tempo medio de espera para que un paciente sexa atendido nunha vía rápida é de 6,1 días.

Galicia tamén conta, desde o ano 2018, co decreto de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas. Esta norma garante uns tempos máximos de espera segundo a patoloxía do paciente. No caso das doenzas oncolóxicas, o decreto refírese ao campo das cirurxías e primeiras consultas, así como probas diagnósticas e terapéuticas, con prazos máximos de entre 45 e 60 días.

O número total de pacientes beneficiados polo decreto de garantías desde a súa entrada en vigor en xaneiro de 2018 e o 30 de xuño de 2022 foi de 200.672. Deles, 46.998 beneficiáronse de intervencións cirúrxicas, 78.102 de consultas externas, e 75.572 de probas diagnósticas e/ou terapéuticas. As previsións, segundo os datos, indican un novo récord de actividade para este ano 2022, amparada no decreto de garantías de tempos máximos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A PRIMEIRA NORMATIVA GALEGA DE VIVENDAS COLABORATIVAS OU 'COHOUSING'

- Rueda destaca que esta nova modalidade de recurso permite que un grupo de persoas maiores vivan nun mesmo lugar “de xeito autónomo” e compartan servizos
- Subliña que a Xunta da resposta con esta regulación á demanda da sociedade que esixe un novo modelo de coidados que atenda “ás necesidades e preferencias das persoas maiores”
- Con esta normativa, o Goberno galego regula e define as condicións materiais, arquitectónicas e de persoal con que deberán contar estas instalacións
- Deberá albergar un máximo de 150 persoas cunha idade igual ou superior aos 55 anos
- Contarán con espazos privados, outros de uso común, así como unha zona de atención sociosanitaria para a asistencia de persoas que requiran de coidados
- A Xunta reforza a súa aposta por aqueles servizos de proximidade que lles permitan ás persoas maiores decidir onde e como vivir esta etapa das súas vidas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou na súa reunión desta mañá a primeira normativa galega de vivendas colaborativas, o modelo de convivencia denominado ‘Cohousing’. “Trátase dunha normativa que regula e define as condicións materiais, arquitectónicas e de persoal en que desenvolverá esta nova tipoloxía de recurso que permite a un grupo de persoas maiores vivir nun mesmo lugar de xeito autónomo e compartir servizos”, explicou.

Rueda destacou que o ‘cohousing’ ou vivenda colaborativa é un modelo de convivencia que conta cunha ampla traxectoria noutros países como os nórdicos. A regulación que agora aproba a Xunta permite, subliñou, dar resposta a unha demanda da sociedade que esixe un novo modelo de coidados “que atenda ás necesidades e preferencia das persoas maiores”. Porque o obxectivo, como resaltou o presidente, é impulsar medidas para que os maiores poidan ter unha vida “autónoma e libre”.

Entre as condicións e requisitos que se establecen nesta normativa atópase que as instalacións poderán albergar un máximo de 150 persoas cunha idade igual ou superior aos 55 anos. Ademais, os centros contarán con espazos privados —conformados por un cuarto, baño, cociña, salón e rocho— así como zonas de uso común.

Así mesmo, tamén se prevé unha sala ou espazo de atención sociosanitaria para a asistencia de persoas que requiran coidados. Ademais, estes centros deberán contar cun plan de organización de servizos e actividades comúns. No caso de haber persoas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dependentes, estas poderán ser atendidas mediante un servizo ou axuda pública ou a través de profesionais vinculados ao centro.

Este tipo de recurso, que conta cunha ampla traxectoria nos países nórdicos, xerou un importante interese social en Galicia durante os últimos tempos.

Servizos de proximidade

O Goberno galego reforza a súa aposta por aqueles servizos de proximidade que lles permitan ás persoas maiores decidir onde e como vivir esta etapa das súas vidas. Neste sentido, destaca o reforzo do Servizo de Axuda no Fogar, que leva coidados profesionais aos domicilios das persoas maiores e no cal Galicia é líder a nivel nacional con máis de 25.000 usuarios.

Outros programas que perseguen este mesmo obxectivo son o impulso de máis dun cento de casas do maior; o programa Coidados porta a porta, que percorre todo o territorio galego ofrecendo servizos gratuítos de podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria; o Xantar na casa, que leva menús sans e equilibrados aos fogares de 1800 maiores, ou a teleasistencia, que ofrece un apoio tecnolóxico para recibir atención inmediata en caso de emerxencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A VENDIMA DE 2022 NAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE GALEGAS PECHOUSE COA RECOLLIDA DE MÁIS DE 70,2 MILLÓNS DE QUILOS DE UVA, CIFRA QUE SUPERA NUN 12 % A MEDIA DO DECENIO

- O Consello do Goberno analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados da vendima 2022 e a situación actual do sector vitivinícola
- O 85 % das uvas recollidas foron de variedades brancas, mentres que o 15 % restante corresponderon a variedades tintas
- Deste xeito, a vendima implicou máis de 8.000 explotacións vitícolas e máis de 400 adegas en total.
- A Consellería do Medio Rural investiu nas últimas convocatorias máis de 8 millóns de euros en axudas centradas no eido produtivo vitivinícola

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados da vendima 2022 nas cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia e a situación actual do sector. Así, a colleita deste ano é a segunda máis abundosa do último decenio, despois da de 2021, con 70.204.506 quilos de uva de boa calidade en xeral. Deste total, o 85 % das uvas recollidas foron de variedades brancas, mentres que o 15 % restante corresponderon a variedades tintas.

Así, do total de uva recollida, preto de 60 millóns corresponderon a variedades brancas e preto de 10,5 millóns a castes tintas. Por denominacións, a de Rías Baixas ocupou de novo o primeiro lugar en volume de produción, representando o 58 % da uva total vendimada con preto de 41 millóns de quilos de uva recollidos. Seguiulle a do Ribeiro con 10,3 millóns de quilos e, a continuación, a de Valdeorras e Monterrei con máis de 6,4 millóns de quilos cada unha delas. Finalmente estaría a de Ribeira Sacra con máis de 6 millóns de quilos de uva recollidos.

Deste xeito, como cada ano, os labores da vendima mobilizaron un elevado número de produtos. Así, no conxunto das cinco denominacións de orixe, a vendima implicou máis de 8.000 explotacións vitícolas e máis de 400 adegas en total.

Cabe sinalar tamén o traballo realizado por asegurar e preservar a calidade dos viños das denominacións de orixe de Galicia. A Consellería do Medio Rural -a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria- activou un ano máis, en coordinación cos consellos reguladores, os controis na vendima, para os cales se destinaron este ano preto de 200 mil euros. Estas actuacións consistiron en inspeccións a viticultores, a adegas, en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

transporte (verificación de cargas e descargas), controis de centros de almacenamento, controis de capacidade e vixilancias nocturnas e diúrnas.

Para este control contouse cun equipo -idéntico ao do pasado ano- formado por 15 persoas, das cales 12 eran inspectores de campo e tres técnicos. Este programa púxose en marcha en coordinación con todos os consellos reguladores de cada unha das cinco denominacións de orixe, que contan tamén con persoal propio -fixo e eventual- para os labores de control. En concreto, nesta campaña foron unhas 70 persoas as que os consellos reguladores empregaron en tarefas de control.

Ademais, a Consellería do Medio Rural apoiou o sector investindo nas últimas convocatorias preto de 8 millóns de euros en axudas centradas no eido produtivo vitivinícola, destinadas, por exemplo, a impulsar a reconversión de viñedo, a apoiar a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas ou á promoción deste produto.

O sector vitivinícola

O prestixio dos viños galegos fan da nosa comunidade un referente dentro do sector vitivinícola español e internacional. Galicia exporta os seus viños a máis de 80 países de todo o mundo e os nosos caldos con denominación de orixe ocupan o terceiro posto nacional polo seu valor no mercado.

Foi moi importante a progresión na modernización do sector vitivinícola, en particular na comercialización e na súa internacionalización: hoxe véndese fóra de España case o 20 % da produción e hai unha década apenas se chegaba ao 10 %.

Os viños galegos son os que máis incrementaron o seu valor a nivel nacional na alimentación e na hostalaría en 2021. Así o reflicte o informe "O mercado español dos viños galegos: alimentación e hostalaría", elaborado pola multinacional Nielsen en colaboración co Goberno autonómico e cos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas.

Deste xeito, o valor dos viños galegos aumentou no ano 2021 un 9 % con respecto ao ano anterior e máis dun 15 % con respecto ao prezo de 2019, na canle da alimentación. Este dato converte a nosa comunidade na líder neste eido, cunha vantaxe significativa con respecto a outros territorios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA